



CLUB NAUTICO DE PORTONOVO
Rafael Picó nº 44, 1º
36970 Portonovo. SANXENXO
administración@nauticoportonovo.com

AUTORIZACIÓN DE NAVEGACIÓN NAS AUGAS DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA NO MARCO DA XXIV REGATA CRUCEIROS HOTEL GALATEA-TROFEO PESCAMAR

O Club Náutico de Portonovo solicita ao Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, autorización para navegación de entre 20-30 embarcacións aproximadamente nas augas do arquipélago de Ons (Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia) no marco da XXIV Regata Cruceiros Hotel Galatea-Trofeo Pescamar os días 22 e 23 de agosto de 2020.

Analizada a solicitude, e

Vistas, a Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade; a Lei 5/2019, de 2 de agosto, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia; Lei 30/2014, de 3 de decembro, de Parques Nacionais; a Lei 15/2002, de 1 de xullo, de declaración do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia; o Real Decreto, 274/1999, de 21 de outubro, polo que se aproba o Plan de Ordenación de Recursos Naturais das Illas Atlánticas, o Real Decreto 389/2016, de 22 de outubro, polo que se aproba o Plan Director da Rede de Parques Nacionais e o Plan reitor de Uso e Xestión (PRUX) do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, aprobado polo Decreto 177/2018, do 27 de decembro.

Resólvese AUTORIZAR a navegación nas augas do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia das embarcacións participantes na XXIV Regata Cruceiros Hotel Galatea-Trofeo Pescamar os días 22 e 23 de agosto de 2020, coas seguintes condicións:

1. A presente autorización estará vixente unicamente durante os días 22 e 23 de agosto de 2020.
2. O Club Náutico de Portonovo e a entidade responsable a efectos desta autorización.
3. Deberá cumprirse a lexislación vixente en materia de xestión de residuos por parte das embarcacións. En ningún caso poderá abandonarse residuo algún nos límites do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.
4. É moi importante comportarse de maneira respectuosa en caso de atopar ou avistar cetáceos ou aves mariñas, a empresa autorizada deberá cumprir o especificado na lexislación (RD 1727/2007, de 21 de decembro, polo que se establecen medidas de protección dos cetáceos). Concretamente as embarcación de apoio deberán manter unha velocidade moderada co fin de non alterar o comportamento normal das aves mariñas.



5. Tal como se reflexa no PRUX do Parque Nacional, no transcurso da proba no estará permitido o uso de megafonía, o seu recorrido será sempre en itinerancia, sen recalar, atracar ou fondear dentro do ámbito do parque nacional

Os autorizados desenvolverán a actividade obxecto da presente autorización a risco e ventura. Así mesmo, desenvolverán dita actividade de acordo coas indicacións que determine a Dirección do Parque Nacional, atendendo en todo momento as recomendacións da gardería e os vixiantes do Parque.

Esta autorización concédese sen prexuízo de todas as autorizacións que para realizar as actividades que conleve esta actividade, deban posuír os titulares desta autorización, tanto da Capitania Marítima correspondente como aqueloutras esixidas na lexislación vixente.

O incumprimento dalgunha das condicións sinaladas, así como do establecido na Lei 15/2002, de 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, ou da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, e demais normas concordantes, dará orixe á resolución e extinción da presente autorización á empresa infractora, co independencia das sancións administrativas que puideran corresponder.

Contra a presente Autorización cabe presentar recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, no prazo dun mes, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo,
Montserrat Martínez Moran
Director adxunta do PNMTIAG
(sinatura dixital na marxe esquerda)

